

A continuación infórmase do acordo da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 03 de xuño de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Inadmisión a trámite do recurso potestativo de reposición presentado polo Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte contra o acordo do Consello de Goberno de data 29 de abril de 2021, de aprobación das declaracións de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e doutoramento, e denegación da suspensión solicitada da execución de dito acordo.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.